

## **PLIEGO DE PRESCRIPCIONS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES DE HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA-PSICOSOCIOLOXIA APLICADA E VIXIANCIA DA SAUDE-MEDICINA DO TRABALLO PARA O CONCELLO DE ARZUA**

(En cumprimento do artigo 31 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e do artigo 20 do Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención).

### **ÍNDICE**

- 1. OBXECTO, AMBITO DE APLICACIÓN, PRAZO DE DURACIÓN E PRESUPOSTO MÁXIMO**
  - 1.1 OBXECTO DO CONTRATO
  - 1.2 AMBITO DE APLICACIÓN
  - 1.3 PRAZO DE DURACIÓN
  - 1.4 PRESUPOSTO MÁXIMO DE LICITACION
- 2. CARACTERISTICAS DO SERVICIO**
  - 2.1 REQUISITOS XERAIS
  - 2.2 REQUISITOS ESPECÍFICOS POR ESPECIALIDADE
    - 2.2.1 SEGURIDADE NO TRABALLO
    - 2.2.2 HIXIENE INDUSTRIAL
    - 2.2.3 ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA
    - 2.2.4 MEDICINA DO TRABALLO
  - 2.3 RECURSOS MATERIAIS, TÉCNICOS E HUMANOS
  - 2.4 TEMPOS DE RESPOSTA PARA AS PRESTACIONS
  - 2.5 MELLORAS OU SERVIZOS DE PRESTACIÓN VOLUNTARIA
  - 2.6 DIRECCIÓN E SEGUIMENTO DOS TRABALLOS
- 3. FORMA DE EXECUCIÓN**
  - 3.1 LUGAR DE PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS
  - 3.2 OBRIGAS DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN
- 4. FORMA DE ADXUDICACION**
- 5. LEXISLACION APLICABLE**

## **1. OBXECTO, AMBITO DE APLICACIÓN, PRAZO DE DURACIÓN E PRESUPOSTO MÁXIMO**

### **1.1 OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto do presente Pliego e establecer as prescricións técnicas que deben rexer no Contrato de prestación dos Servicos de Prevención de Riscos Laborais e a realización de tódalas actividades correspondentes aos Servicos de Prevención recollidos no artigo 31.3 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, nas especialidades preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e Medicina do Traballo, para cumprir co esixido pola Lei de Prevención de Riscos Laborais, normativa de desenrolo da mesma, calquera outra aplicable na materia, e demais especificacións do presente Pliego e do de Condicións Administrativas e Particulares.

A empresa que resulte adxudicataria deberá levar a cabo especificamente, de acordo cos arts. 17 e 18 do Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servicos de Prevención, as seguintes funcións:

#### **1. Asesoramento integral en función dos riscos existentes nas especialidades:**

- Seguridade no traballo con relación a prevención de accidentes laborais derivado da distribución, manexo e uso de equipos de traballo, máquinas e instalacións, así como as derivadas do espazo físico do traballo.
- Hixiene industrial con relación a prevención de enfermidades profesionais e do traballo causadas por todo tipo de contaminantes, tanto físicos, químicos e/ou biolóxicos, xerados no traballo.
- Ergonomía e psicosocioloxía aplicada con relación as accións preventivas encamiñadas ao control dos riscos orixinados, en especial pola carga física e a carga mental dos postos de traballo.
- Medicina do traballo con relación a prevención de todo dano para a saúde, derivado das condicións de traballo e a protección contra os riscos para a saúde realizando avaliacións iniciais e periódicas dos traballadores.

### **1.2. AMBITO DE APLICACIÓN**

O contrato no que se refire a prestación do Servicio de Prevención de Riscos Laborais nas especialidades indicadas afectará a totalidade do persoal incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei de Prevención de Riscos Laborais e a súa normativa de desenrolo, adscrito a todos e cada un dos centros de traballo do Concello de Arzúa.

A nivel informativo, o número de traballadores ascende a 65 persoas, estando suxeitos aos cambios na composición da plantilla do Concello de Arzúa. O obxecto da actividade preventiva efectuarase en relación a tódolos centros de traballo do Concello, que en decembro de 2016 son os que se indican a continuación:

- 1) Casa do Concello, Rúa de Santiago 2, 15810, Arzúa, A Coruña
- 2) Edificio Centro Sociocultural María Mariño, Rúa Padre Pardo 33, 1ª, 15810, Arzúa, A Coruña

- 4) Colexio De Primaria e Educación Infantil
- 5) Edificio de Protección Civil
- 6) Edificio de Servizos Múltiples Terra Do Queixo
- 7) Pavillón Polideportivo do Viso
- 8) Pavillón Polideportivo de Santa María
- 9) Local do Mercado de Gando (Servizos de Mantemento)

Os servizos que conforme a presente contratación deban prestarse nos centros de traballo da enumeración anterior quedan supeditados a dispoñibilidade que o Concello teña de ditas instalacións.

### 1.3. DURACIÓN

O prazo de duración será de 2 anos a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

O contrato será susceptible de ser prorrogado anualmente ata un prazo máximo total de 4 anos, é dicir, 2 anos de duración inicial, mais una posible prórroga dun ano, mais outra posible prórroga doutro ano.

### 1.4. PRESUPUESTO MÁXIMO DE LICITACION

1.4.1. O orzamento do contrato será de 4.200 euros mais 882 euros de IVE (21%) mais 5.200 euros (exentos de IVE); o que supón un importe total de 10.282 euros, distribuídos da seguinte maneira:

- Disciplina de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada:

ORZAMENTO	21% IVA	TIPO LICITACIÓN
4.200 €	882 €	5.082 €

- Disciplina Medicina do Traballo (Vixilancia da Saúde)

COSTE INDIVIDUAL DO RECOÑECIMENTO MÉDICO	Nº DE TRABALLADORES	21% IVA	TIPO LICITACIÓN
40,00€	65	EXENTO (art. 20 Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido)	5.200 € (2 anos)

O valor estimado do contrato é de 18.800 euros.

1.4.2. O presuposto máximo inclúe tódolos gastos de execución da actividade preventiva que se contrata sen que se poda facturar ningún coste engadido. Entenderanse incluídos

no prezo de licitación, entre outros, o coste de persoal técnico cualificado, os recoñecementos médicos coas súas correspondentes analíticas, probas de exploración ou diagnóstico necesarias, informes, visitas, medicións, formación, memorias, documentación etc.

De igual maneira, enténdense incluídos tódolos tributos que graven a execución do contrato.

Os prezos ofertados manteranse durante o período de duración de prestación dos servizos a partir da data de notificación da adxudicación de contrato.

1.4.3. Os prezos ofertados polos licitadores serán a baixa e non poderán, en ningún momento, exceder do importe do presuposto base de licitación, nin dos prezos unitarios máximos que aparecen sinalados para a Disciplina de Medicina do Traballo (Vixilancia da Saúde). Rechazaranse as proposicións económicas que excedan de ditas cantidades.

1.4.4. Serán obxecto de facturación os servizos efectivamente realizados. Os servizos prestados nos distintos centros de traballo están supeditados a dispoñibilidade que teña o Concello destas instalacións. Deste modo se o Concello deixa de dispor das instalacións de algún dos centros de traballo onde deben realizarse os servizos obxecto da presente contratación, o Concello comunicará formalmente a empresa adxudicataria cun mes de antelación dita circunstancia, deixando a empresa adxudicataria desde a data que lle sexa indicada polo Concello de realizar os servizos de prevención de riscos laborais nas instalacións do Centro de traballo indicado. Así mesmo desde esa mesma data, a empresa adxudicataria deixará de ter dereito o abono do prezo que viñera percibindo pola prestación do servizo nesta ubicación.

## 2. CARACTERISTICAS DO SERVICIO

### 2.1 REQUISITOS XERAIS

Neste apartado descríbense os servizos que conforman o obxecto do contrato, o adxudicatario terá a obriga de efectuar tódalas actividades cuxa realización se corresponda aos Servizos de Prevención, segundo a lexislación vixente, e contribuír a efectividade da integración das actividades de prevención a el encomendadas no conxunto de actividades da empresa e en tódolos niveis xerárquicos da mesma.

As propostas que ofrezan características inferiores non serán tomadas en consideración no presente procedemento de adxudicación. Os referidos requisitos deben entenderse como requisitos mínimos podendo os licitadores melloralos nas súas ofertas, **as prestacións superiores as solicitadas que se valorarán serán as recollidas no Anexo I e de acordo coa puntuación expresada en dito Anexo I.**

O adxudicatario obrigase a gardar secreto e a facelo gardar o persoal que empregue para a execución do contrato, respecto a toda a información do Concello que con motivo do desenrolo dos traballos poña no seu coñecemento, non podendo utilizala para si ou para outra persoa, entidade ou firma. O adxudicatario, deberá cumprir con tódolos requisitos que sexan legalmente esixibles a tales entidades e, en particular, co disposto nos artigos 17, 18 e 19 e no capítulo III do Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

As empresas licitadoras deberán estar acreditadas, ante a autoridade laboral competente, para desenrolar tódalas funcións das especialidades ou disciplinas preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e Medicina do Traballo, **debendo aportar o documento expedido pola autoridade laboral que acredite a empresa como Servicio de Prevención Alleo con capacidade para prestar o servicio.**

O Servicio de Prevención Alleo colaborará, no ámbito das especialidades obxecto deste contrato, en todas aquelas actuacións que lle sexan solicitadas polo Concello de Arzúa. O persoal designado polo Concello poderá participar, se o considera conveniente, nos traballos de campo que realice o Servicio de Prevención Alleo. A finalización do contrato, o adxudicatario trasladará os datos relativos a vixilancia da saúde dos empregados do Concello a nova entidade que vaia prestar o Servicio de Prevención Alleo o Concello, todo elo de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos.

O adxudicatario tratará como reservada toda a información que, en relación con este contrato, lle sexa facilitada polo Concello. Sen coñecemento previo e por escrito de este, o adxudicatario non utilizará a información facilitada, nin desvelará a terceiros dita información, salvo por acreditadas razóns de cumprimento de obrigas derivadas de este contrato, normas legais aplicables, o requirimento da Autoridade Laboral, Sanitaria ou Xudicial.

## 2.2 REQUISITOS ESPECÍFICOS POR ESPECIALIDADE

O contrato comprenderá, ao menos, as seguintes actividades que se relacionan:

### 2.2.1 SEGURIDADE NO TRABALLO

- Deseño, aplicación e coordinación de plans e programas de actuación preventiva.
- Análises, avaliación e control de riscos específicos e revisións que procedan.
- Avaliación de riscos de accidentes de traballo (inicial e periódico).
- Re -avaliación constante e detección de novos riscos (modificación de condicións de traballo ou creación de novos postos).
- Investigación e seguimento de accidentes de traballo.
- Determinación de prioridades en relación cos medios de prevención de accidentes de traballo.
- Realización e implantación das normas de actuación en caso de emerxencia e evacuación dos diferentes centros de traballo, e a comprobación do Plan de auto-protección existente nas instalacións.
- Información e formación dos traballadores en temas de seguridade no traballo, que levará consigo como mínimo a elaboración e entrega dun folleto informativo dos riscos do posto ao inicio da relación laboral.
- Información sobre inspeccións ou auditorías de aquelas instalacións e riscos sometidos a inspeccións técnicas regulamentarias.

- Aportación de documentación técnica.
- Coordinación de actividades de seguimento e control.
- Calquera outro aspecto ou elemento relacionado con esta disciplina que contemple a lexislación vixente.

#### 2.2.2 HIXIENE INDUSTRIAL

- Deseño, aplicación e coordinación de plans e programas de actuación preventiva.
- Avaliación dos riscos laborais e verificación da eficacia da acción preventiva.
- Avaliación dos riscos de enfermidades profesionais (iniciais e periódicas).
- Determinación de prioridades con relación as medidas de prevención de enfermidades profesionais.
- Análises de condicións que afectan directamente o traballador e aplicación das medidas correctoras.
- Avaliación das condicións hixiénicas no lugar de traballo: medicións, toma de mostras, análises necesarios, estudio de equipos de protección individual, axentes contaminantes, axentes físicos,...
- A proposta de medidas correctoras e preventivas, así como a determinación das súas prioridades.
- Análises de necesidades de actuación en caso de emerxencias.
- Información e formación aos traballadores en temas de hixiene industrial.
- Calquera outro aspecto ou elemento relacionado con esta disciplina que contemple a lexislación vixente.

#### 2.2.3 ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA

Inclúe as actividades relacionadas coa adaptación das condicións e lugares de traballo as persoas que os ocupen, na perspectiva de confort físico e mental. Entre as actividades a desenrolar atópanse:

- Proposta de deseño de postos de traballo, no referente ao estudio de: condicións ambientais (confort térmico, ruído, iluminación...), carga física e mental de traballo.
- Estudio de traballos repetitivos e monótonos.
- Estudio de traballo por quendas.
- Proposta de organización ergonómica do traballo.
- Proposta do establecemento de medidas de prevención a aplicar a nivel ambiental, persoal e de organización ergonómica do traballo.
- Proposta do establecemento de procedementos ergonómicos do traballo.

- Información e formación aos traballadores en temas de ergonomía e psicocioloxía aplicada.
- Calquera outro aspecto ou elemento relacionado con esta disciplina que contemple a lexislación vixente.

#### 2.2.4 MEDICINA DO TRABALLO

O obxecto é a vixilancia da saúde dos empregados do Concello de Arzúa, realizarase de acordo as funcións recollidas na Lei 31/1995 e nos artigos 37.3, 38 e 39 do Regulamento dos Servizos de Prevención. O adxudicatario garantirá en todo momento o dereito a intimidade e dignidade dos empregados, así como a confidencialidade de toda a información relacionada coa vixilancia da saúde dos mesmos. Entre as actividades a desenrolar atópanse:

- Deberán realizarse recoñecementos médicos iniciais unha vez que un traballador se incorpore a Empresa (novas incorporacións) ou se lle asignen novas tarefas específicas con novos riscos para a súa saúde.
- Así mesmo, deberá efectuarse unha avaliación da saúde de aqueles traballadores que reanuden o traballo tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde, excedencias ou outras causas que dean lugar a reincorporación o traballo, coa finalidade de descubrir os seus eventuais orixes profesionais e recomendar unha acción apropiada para protexer aos empregados.
- Unha avaliación periódica de tódolos traballadores con carácter anual: a vixilancia da saúde estará sometida a protocolos específicos ou outros medios existentes con respecto aos factores de risco aos que este exposto o traballador. Non obstante, os recoñecementos médicos deberán comprender en tódolos casos e con independencia do posto de traballo as seguintes probas: analítica completa de sangue e urina, electrocardiograma, espirometría, audiometría e control de visión.

Contido mínimo das analíticas anuais:

##### HEMOGRAMA:

- 1.- Hematíes
- 2.- Hemoglobina
- 3.- Hematocrito
- 4.- Velocidade de Sedimentación Globular
- 5.- HCM
- 6.- CHGM
- 7.- VCM
- 8.- Leucocitos
- 9.- Neutrófilos
- 10.- Linfocitos
- 11.- Monocitos
- 12.- Eosinófilos
- 13.- Basófilos
- 14.- Plaquetas
- 15.- VPM

### BIOQUÍMICA DO SANGUE

- 1.- Glucosa
- 2.- Colesterol
  - 1.Hdl-c
  2. Ldl-c
- 3.- Creatinina
- 4.- Ácido úrico
- 5.- Triglicéridos
- 6.- Transaminasas
  1. GOT
  2. GPT
  3. GGT
- 7.- Fosfatasa alcalina

### BIOQUÍMICA DA URINA:

- 1.- Urea
- 2.- Bilirrubina
- 3.- Calcio
- 4.- Potasio
- 5.- Sodio
- 6.- Fósforo
- 7.- En varóns maiores de 50 anos determinaranse valores antixénicos protásticos(PSA)

### ANÁLISIS QUÍMICOS DA URINA:

- 1.- Interpretación da aparencia e color da urina
- 2.- Presenza de bilirrubina en urina
- 3.- Presenza de glucosa en urina
- 4.- Hemoglobina en urina
- 5.- Cetona en urina
- 6.- Nitritos en urina
- 7.- Medición do pH
- 8.- Proteínas en urina
- 9.- Densidade en urina
- 10.- Urobilinóxeno en urina

### ANÁLISIS MICROSCÓPICO DA URINA:

- 1.- Presenza de bacterias ou outros microorganismos
- 2.- Cristais
- 3.- Graxas
- 4.- Mucosidade
- 5.- Bacterias
- 6.- Hematias
- 7.- Células tubulares renais
- 8.- Células epiteliais
- 9.- Leucocitos en urina

Os exames de saúde incluirán, en todo caso, unha historia clínica laboral na que ademais dos datos de anamneses, exploración clínica, control biolóxico e estudos complementarios en función dos riscos inherentes ao traballo, se fará constar unha descrición detallada do posto de traballo, o tempo de permanencia no mesmo, os riscos detectados e as medidas de protección adoptadas.

A notificación das probas médicas aos empregados e o certificado de aptitude correspondente para a empresa, entregaranse nun prazo máximo de dez días hábiles desde a realización das mesmas.

- O persoal sanitario do adxudicatario analizará os resultados da vixilancia da saúde dos traballadores e da avaliación de riscos e propondrá medidas encamiñadas a mellorar as condicións e medio ambiente de traballo.

- O persoal sanitario do Servicio de Prevención estudiará e valorará especialmente, os riscos que podan afectar as traballadoras en situación de embarazo ou parto recente e os traballadores especialmente sensibles a determinados riscos, con obriga de elaborar os protocolos de actuación necesarios para ditos supostos.

- Supervisión, control e asesoramento en materias relacionadas coa xestión da vixilancia da saúde que deberán comprender:

- A atención sanitaria de urxencia
- A atención persoal aos empregados públicos
- O acompañamento no traslado, no seu caso, do enfermo a unha institución sanitaria
- O estudo e valoración dos riscos que podan afectar a colectivos de riscos, así como a proposta de medidas preventivas axeitadas
- As actividades informativas e divulgativas en materia de prevención sanitaria de acordo cos directrices do persoal designado polo Órgano de Contratación
- Colaboración coa Mutua de accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social coa que o Concello teña subscriba o correspondente convenio de Asociación
- O deseño e posto en marcha de programas de prevención
- Identificar e establecer os obxectivos para a súa consecución
- Implantar métodos e procedementos para medir e valorar as accións necesarias para desenrolar, manter e protexer a cultura preventiva no Concello e o control sobre os riscos derivados do traballo

O plan de prevención debe ter unha vixencia temporal determinada, de acordo coa programación preventiva da empresa, indicándose as fases, prioridades e forma de realización das actuacións preventivas. En todo caso, o plan contará cun desenrolo temporal por anos de tódalas actividades implantadas ou previstas.

- Realización de campañas de educación, prevención e promoción da saúde (vacinacións, formación, anti- tabaco,...) e todas aquelas que sexan necesarias realizar en virtude dos resultados da avaliación de riscos.

- Calquera outro aspecto ou elemento relacionado con esta disciplina que contemple a lexislación vixente.

### 2.3 RECURSOS MATERIAIS, TÉCNICOS E HUMANOS

O adxudicatario deberá dispor dos axeitados medios técnicos, materiais e humanos en función das tarefas encomendadas e dedicación suficiente para o desempeño das actividades preventivas a desenrolar en tódalas especialidades deste contrato.

O Servicio de Prevención Alleo asignará cantos técnicos, con diferentes titulacións académicas, sexan necesarios para a execución do contrato. Deberá asignar un Coordinador Técnico, con formación en Riscos Laborais de Nivel Superior, que actuará como persoa de contacto co Concello de Arzúa e que se encargará de todas aquelas cuestións relacionadas coas actividades preventivas a desempeñar, tanto desde o punto de vista técnico como organizativo.

O persoal sanitario do adxudicatario deberá contar coa cualificación necesaria, competencia técnica e capacidade acreditada (médicos especialistas en Medicina do Traballo e enfermeiros/as Diplomados en Enfermería de empresa) para o desempeño das súas funcións. Igualmente o número e horario dos mesmos será o axeitado e suficiente aos riscos e poboación a vixiar.

No equipo médico debe figurar, ao menos, un médico especialista en Medicina do Traballo e un ATD/DUE de empresa.

Respecto aos medios materiais e equipos técnicos, as condicións dos locais e instalacións ofrecidas para a realización das probas e recoñecementos médicos serán os axeitados e deberán garantir a dignidade e intimidade dos usuarios, e dos datos médicos que se rexistren.

Igualmente o adxudicatario dispoñerá dos equipos e material necesarios para a realización dos recoñecementos médicos e probas estipuladas. Todos estes equipos utilizados disporán da homologación preceptiva e poderán ser propiedade da entidade prestataria do servizo ou concertar a súa utilización durante o período de tempo necesario.

As empresas licitadoras deberán acompañar os currículos das persoas asignadas a execución deste contrato e unha descrición dos medios materiais e técnicos dos que dispón para dar cumprimento ao mesmo, e que serán valorados segundo os criterios expresados no Anexo I.

### 2.4 TEMPOS DE RESPOTA PARA AS PRESTACIONES

O tempo de resposta en actividades planificadas, entre o requirimento dunha actuación preventiva e a prestación do servizo correspondente, non poderá exceder de sete días naturais, e en todo caso, dentro do prazo establecido no procedemento de selección correspondente (no caso de novas incorporacións).

O tempo de resposta a unha solicitude de actuación non planificada, instada polo Concello, non será superior a 72 horas.

O tempo de resposta a unha solicitude de actuación en supostos extraordinarios ou situacións especiais de riscos, será inmediato.

Tódalas actuacións e actividades desenrolaranse dentro do horario que estableza o Concello coa finalidade de interromper o menos posible a actividade normal das distintas unidades e áreas de traballo.

O adxudicatario aportará os datos xerados polas actuacións obxecto do contrato como Servicio de Prevención Alleo, en soporte papel e soporte informático, no prazo máximo de 20 días naturais, contados a partir do último empregado para efectuar a correspondente actuación, en caso de urxencia dito prazo será de 72 horas como máximo.

## 2.5 MELLORAS OU SERVICIOS DE PRESTACIÓN VOLUNTARIA

Con independencia dos requisitos establecidos anteriormente e os requiridos polas disposicións legais de aplicación, as empresas licitadoras poderán mellorar a súa oferta con outras prestacións que poidan aportar a execución do contrato, que se valorarán de acordo co especificado no Anexo I e que a efectos meramente exemplificativos se relacionan a continuación:

- Propostas formativas a levar a cabo.
- Propostas de actividades preventivas complementarias a levar a cabo.
- Manual de prevención por clases de posto.
- Realización de cursos de formación aos traballadores e de xornadas divulgativas sobre temas preventivos concretos.
- Ampliación do recoñecemento médico mediante maior número de probas diagnósticas.
- Ofrecemento de terapias ou tratamentos preventivos para dores concretos e frecuentes dos empregados.
- Subministro de EPIS para os traballadores do servizo de mantemento e limpeza
- Subministro de manuais e material de primeiros auxilios.
- Mantemento de botiquins instalados nos centros de traballo.
- Actuacións en caso de emerxencia.
- Dotación de instrumental, equipos de medición.

## 2.6 DIRECCIÓN E SEGUIMIENTO DOS TRABALLOS

Corresponde ao Concello a dirección dos traballos, propor as modificacións convenientes ou, no seu caso, propor a suspensión dos mesmos si existise causa suficientemente motivada.

Para a supervisión da marcha dos traballos o Concello designará a un Delegado. As súas funcións en relación co presente Pliego serán:

- Velar polo axeitado cumprimento dos servizos contratados.
- Fixar reunións periódicas entre o Concello e o adxudicatario co fin de determinar, analizar e valorar as incidencias que, no seu caso, se produzan durante a execución do contrato, para trasladalas o órgano de contratación e adoitar as medidas correctoras oportunas.

O Delegado designado polo CONCELLO DE ARZUA poderá incorporar o equipo de traballo as persoas que estime necesarias para verificar e avaliar tódalas actuacións o seu cargo. Co fin de garantir que se satisfacen as necesidades e prioridades establecidas polo Concello

no presente Pliego, o Delegado nomeado polo CONCELLO DE ARZUA, marcará as directrices dos traballos a realizar, sendo estas directrices de obrigado cumprimento por parte do adxudicatario.

### **3. FORMA DE EXECUCIÓN**

#### **3.1 LUGAR DE PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS**

Os traballos para o deseño e planificación do servicio serán realizados desde as oficinas do adxudicatario. As reunións de seguimento e control do proxecto serán realizadas nas Oficinas da Concello, ou por outros medios se fora posible (vídeo-conferencia o audio-conferencia).

#### **3.2 OBRIGAS DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN**

Durante a execución dos traballos obxecto do contrato, o adxudicatario comprometese, en todo momento, a facilitar as persoas designadas polo Órgano de Contratación, a información e documentación que estas soliciten para dispor dun pleno coñecemento das circunstancias en que se desenrolan os traballos, así como dos eventuais problemas que podan plantexarse e das tecnoloxías, recursos humanos, métodos e ferramentas utilizados para resolvelos.

Neste sentido, o adxudicatario deberá informar ao Delegado establecido polo Concello sobre distintos aspectos relacionados co funcionamento e a calidade dos servicios prestados.

Como parte das tarefas obxecto do contrato, o adxudicatario comprometese a xerar a documentación dos traballos realizados, de acordo cos criterios que estableza en cada caso o Delegado nomeado polo Concello de Arzúa.

Toda a documentación xerada polo adxudicatario durante a execución do contrato será propiedade exclusiva do Concello de Arzúa, sen que o contratista poida conservala, nin obter copia da mesma ou facilitala a terceiros sen a expresa autorización por escrito do Concello, que a concederá, no seu caso e con expresión do fin, previa petición formal do adxudicatario.

O adxudicatario proporcionará, sen coste adicional para o Concello, unha copia en soporte informático en CD-ROM o DVD con toda a documentación xerada durante a prestación dos servicios obxecto do contrato.

### **4. FORMA DE ADXUDICACIÓN**

4.1.- O contrato adxudicarase mediante **procedemento aberto**, con multiplicidade de criterios.

4.2.- **Os criterios de baremación que han de servir de base para a adxudicación do contrato son os recollidos no punto 12 do Prego de Cláusulas Administrativas**

### **5. LEXISLACIÓN APLICABLE**

O contratista deberá axustarse na execución do servicio a Lei de Prevención de Riscos Laborais, normas de desenrolo e complementarias de dita Lei.